

OS METAIS

O CALCOLÍTICO (3.200-2.000/1.200)

Aprenden a fundir metais, ouro e cobre. O ouro é tan brando que mesmo se pode traballar en frío.

En moitas zonas, como Galicia, apenas hai cambios, polo que as veces considérase o Calcolítico a fase final do Neolítico

Simplemente aparecen obxectos de cobre (puñais, machados) e ouro (xoias), pero seguen predominando as ferramentas de pedra. Tamén continúan os túmulos megalíticos e non hai cambios no poboamento. Os obxectos metálicos son importados (os de cobre) o que podería indicar unha certa diferenciación social , pois son moi escasos.

Nesta época aparecen os **petróglifos**, gravados rupestres con formas xeométricas e animais, especialmente cervos. Fanse en grandes laxas en pendente e eran claramente visibles, pero descoñecemos a súa finalidade.

Tamén aparece un novo tipo de cerámica, a campaniforme, que se estende por boa parte de Europa







O Calcolítico II

- Nas zonas mineiras, como Andalucía, o cambio é moito maior. Aparecen grandes poboados mineiro-industriais, onde se extrae o mineral e fábrícanse os novos útiles.
- Son poboados grandes, amurallados e habitados por unha poboación que non vive da agricultura, polo que precisan grandes redes comerciais. Nestes lugares evidénciase unha gran diferenciación social, con axuares funerarios moito máis ricos cos da maioría, algunhas vivendas moito máis grandes, etc
- Destaca o poboado de Los Millares,
Almería (3.200-2.200)



O BRONCE (2.200-700 a.c)

- Primeira aleación inventada polo home(cobre+estaño). Obtense un metal moito máis duro e resistente.
- Aparecen as armas propiamente ditas: espadas, escudos,cascos, grebas, courazas...obxectos extremadamente caros que percorren grandes distancias. O comercio aumenta, con importantes contactos entre o Atlántico e o Mediterráneo.
- Aparece o arado (no sur da Península)
- Descúbrese o liño como fibra téxtil e aparecen os derivados lácteos(queixo, manteiga,etc).
- Primeiros indicios do uso do cabalo e desenvolvemento dos carros de guerra.
- O megalitismo vai desaparecendo, con tumbas individuais cada vez máis pequenas (as cistas)
- A finais do período aparecen en Galicia os primeiros castros.
- Numerosos achados en Galicia.









